

RESOLUCIÓN REITORAL DO 4 DE DECEMBRO DE 2023 SOBRE A SELECCIÓN DE TITULACIONES UNIVERSITARIAS OFICIAIS DE GRAO IMPARTIDAS POLA UNIVERSIDADE DE VIGO NO CURSO ACADÉMICO 2022/23, PARA OPTAR Á CONCESIÓN DO SELO DE GRAO DE EXCELENCIA DA XUNTA DE GALICIA.

Por Resolución Reitoral do día 18 de outubro de 2023, convocouse un proceso de selección en réxime de concorrencia competitiva, de titulacións universitarias oficiais de grao impartidas pola Universidade de Vigo no curso académico 2022/23, para optar á concesión do Selo de Excelencia da Xunta de Galicia.

En aplicación do establecido na base sexta de dita resolución, tras a correspondente valoración das propostas presentadas por parte da comisión de avaliación,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Aprobar a relación definitiva de propostas seleccionadas para a súa presentación á convocatoria realizada pola Xunta de Galicia, segundo estableceu a comisión avaliadora, que é a seguinte:

Graos seleccionados (por orde alfabética)
GRAO EN ENXEÑARÍA DA ENERXÍA
GRAO EN ENXEÑARÍA DE TECNOLOXÍAS DE TELECOMUNICACIÓN
GRAO EN ENXEÑARÍA INFORMÁTICA

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Asinado dixitalmente en Vigo
O REITOR
Por delegación (RR 31/10/2023)
O Vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente
Alfonso Lago Ferreiro

